

# FICHA – O universo e a Terra

1

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Na actualidade hai varios estudos e viaxes de sondas a Marte para estudar a posibilidade de desenvolver vida nese planeta. Que condicións mínimas cres que deberá reunir?

3.- Cal é a diferenza entre meteorito e estrela fugaz?

4.- O Everest está considerado, cos seus 8 848 m de altitude, como a montaña máis alta do mundo. Na súa cima apenas hai vida. A que cres que pode ser debido?

5.- Na atmosfera hai, entre outros, tres gases, indica cales son e cal é a súa importancia?

6.- Explica o “ciclo da auga”.

7.- Pensa e razoa: “se a auga que hai no planeta é sempre a mesma, non debemos de preocuparnos, nunca se esgotará, polo que, aínda que a malgastemos, sempre teremos a mesma cantidade”. Estás de acordo con esta afirmación? Explica a túa resposta.

8.- “Os Ancares formará parte da Gran Reserva da Biosfera da cordilleira Cantábrica”. Que quere dicir esta noticia?

9.- Existe unha forma de obtención de enerxía renovable denominada enerxía xeotérmica. Infórmate e explica en que consiste.

10.- Por que países tan distantes entre si como Finlandia e Suráfrica teñen a mesma hora?

11.- Por que en Canarias sempre é “unha hora menos”?

12.- A vista da división da Terra en fusos horarios, cal crees que debería de ser a hora que lle correspondería a España?

13.- A que se debe que no verán haxa máis horas de Sol que no inverno?

14.- En Helsinki, capital de Finlandia, este inverno tiveron 50 horas en total de luz solar, en España conséguese a mesma luz cuns 6 ou 7 días soleados. Que explicación podemos dar a isto?

15.- Cal é a explicación de que o nadal se celebre en Arxentina nas praias e non con frío e neve como en Galicia?

16.- Por que os planisferios representan as formas dos continentes lixeiramente deformadas?

17.- Cal cres que pode ser a razón de que ao meridiano de Greenwich tamén se lle chama o meridiano 0º?

18.- Cal destas coordenadas pensas que poden ser as da cidade de Ourense? Explica a túa elección.

- a) 42,3º Latitude Norte 7,9º Lonxitude Oeste
- b) 42,3º Latitude Sur 7,9º Lonxitude Oeste
- c) 42,3º Latitude Norte 7,9º Lonxitude Leste
- d) 42,3º Latitude Sur 7,9º Lonxitude Leste

19.- Explica. Realmente a Lúa ten fases?

20.- Cales son as diferenzas entre o eclipse de Sol e o de Lúa?

21.- De onde provén toda a enerxía do Sol?

22.- A que se debe que os cometas “teñan cola”?

23.- Infórmate e explica que son os aneis que rodean a Saturno.

24.- Explica que é Ceres?

25.- Realiza un esquema sobre as distintas partes do universo.